DATA	22/03/2010
Nº	615

Ref 1024 RBF/mcm

Con data 1 de marzo de 2010, por Resolución 430, apróbase o proxecto de obra incluido no Fondo Estatal para o emprego e sostenibilidade Local denominado "Saneamiento y pluviales en Sésamo y Sueiro", redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Carlos Martínez Bustelo.
Mediante resolución nº 0186 de 02 de febreiro de 2010, logo da publicación na web do Ministerio de política territorial da resolución de autorización para o seu financiamento polo devandito Fondo, acórdase o inicio dos expedientes de contratación de diversas obras incluídas no FEESL, entre as que se inclúe a mencionada anteriormente, determinando, ao abeiro do disposto polo artigo 122 e 134 da Lei 30/2007 de contratos do sector público (en adiante, LCSP), dado o seu importe, e porque neste caso a elección da oferta máis vantaxosa non se define só polo prezo máis baixo, que se empregue o procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación.
O 11 de marzo o Secretario Xeral emite informe sobre o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación.
Vistos os antecedentes que constan no expediente e de acordo co disposto no artigo 94 LCSP

RESOLVO:

Primeiro.- Declarar, de acordo co artigo 96 LCSP, de tramitación urxente o expediente de contratación, con redución dos prazos ordinarios á metade, dado o disposto no artigo 17.2 do devandito Real-decreto lei.

Segundo.- Aprobar o expediente para a contratación da obra denominada "Saneamiento y pluviales en Sésamo y Sueiro", de acordo co artigo 94 LCSP. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de cláusulas técnicas.

Terceiro.- Establecer como procedemento de adxudicación o procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, de acordo co establecido no artigo 122.2 do LCSP.

Cuarto.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, de acordo co disposto no artigo 94 LCSP, e publicar anuncio de licitación no boletín oficial da provincia, no diario La Voz de Galicia e no perfil de contratante deste Concello.

Quinto.- Aprobar o gasto que ascende á cantidade de 348.000,00 euros, IVE incluído, con cargo á partida 161-609 do Orzamento en vigor. (RC201000004283)

DATA	22/03/2010
Nº	615

Culleredo, 17 de marzo de 2010
A proposta de
O xefe de servizo de economía e facenda

Roberto Babío Fernández

Dou fe,
O Secretario Xeral

Raul Martínez Martínez

Conforme coa proposta, elévase a resolución
Culleredo,
A concelleira delegada de economía, facenda, réxime interior e seguridade

Alicia Ferreiro Varela
(Resolución nº 1210/07 de data 2 de xullo de 2007; BOP nº176 , de 1/8/2007)

Intervenido e conforme,
A Interventora Xeral

Ana Mª Prieto Martinez